



VI PREMIO DE POESÍA EDUARDO PONDAL

No seu afán de estimular a creatividade literaria e de honrar a figura do autor do Himno Galego, MEDULIA convoca a VI Edición do PREMIO DE POESÍA EDUARDO PONDAL, consonte as seguintes

BASES

1ª.- Poderán concorrer todas as/os autoras/es que o desexen, con obras de temática libre, escritas en lingua galega, agás os premiados/as en edicións anteriores.

2ª.- Dos textos, que deberán ser orixinais e inéditos, presentaranse cinco copias en soporte papel, tamaño A4, cunha extensión mínima de 400 e máxima de 1000 versos, letra Times New Roman, tamaño 12.

3ª.- Os traballos presentaranse de xeito anónimo, incluíndo na primeira páxina o título e un lema ou pseudónimo. No interior dun sobre pechado, no que externamente serán visibles o título e o lema, achegarase: nome completo, enderezo, teléfono, copia do D.N.I. e breve currículum. Asemade reproduciranse os elementos identificativos, título e lema.

4ª.- As obras enviaranse por correo postal, facendo constar no sobre “CERTAME LITERARIO. VI PREMIO DE POESÍA EDUARDO PONDAL”, antes do 7 de maio de 2024, ao seguinte enderezo: MEDULIA EDITORIAL, CAIXA DE CORREOS 1320, 15007 A CORUÑA.

5ª Establécese un premio consistente en diploma acreditativo, pergameo, e a obra única e orixinal dun recoñecido artista galego, cuxa reprodución será tamén a capa que levará o volume galardoadado.

6ª.- A obra gañadora será editada por Medulia Editorial (rúa Menéndez Pidal 4 da Coruña), recibindo o autor/a premiado/a, un total de 20 exemplares.

7ª.- O xurado, constituído por membros de recoñecido prestixio, fará pública a súa decisión coincidindo co Día das Letras Galegas do ano 2024.

8ª.- No caso de posteriores edicións, farase constar que a obra foi premiada neste certame.

9ª.- Os orixinais non premiados devolvanse aos seus autores/as sempre que se solicite no prazo dun mes a partir do ditame.

10ª.- A interpretación destas bases corresponde en exclusiva ó xurado, sen que en ningún caso, sexan recurribles as súas decisións.